

A NOSA TERRA



Ano XXXIII — Núm. 477

Registro Nacional de la
Propiedad Intelectual 318.339

CORR.
ARGE.
Cépt. B.

FRANQUEO PAGADO
Concesión 2032

BOS AIRES, ABRIL DE 1951

TARIFA REDUCIDA
Concesión 2727

A Revolución Galega do 1846

O 2 deste mes cumpre un novo aniversario do alzamento de Lugo en contra da ditadura de Narváez. Ao fronte das tropas sublevadas púxose o coronel Solís, que a tal feito había chegado da Cruña na data citada. O 26 do mesmo mes finou esta malfadada revolución coa traxedia de Carral, onde foron bárbaramente fusilados Solís, o comandante Velasco e os dez capitáns feitos prisioneiros en Sant Iago. O 4 de Maio foi tamén fusilado en Betanzos o subtenente Samitier.

Todos pagaron coa vida o delito de haberse ergueito en defensa da liberdade; mais no ano de 1855 todos foron declarados BENEMERITOS DA PATRIA polas Cortes hespanoas, concedendo o mesmo honor aos xefes que na acción de Cacheiras habían estado ás ordes de Solís e aos membros das Xuntas revolucionarias. ¡Tarde chegou o galardón para os mártires de Carral e o de Betanzos! Un monumento inaugurado o 1904 pol-a Liga Galega da Cruña na primeira das citadas vilas recordará eternamente aos que deron o seu sangue por un sagro ideal.

Non vamos a relatar aqueles sucesos. Sóio faremos uns breves comentarios que nos suxere o análisis dos acontecementos.

A chamada REVOLUCION GALEGA non foi, en realidade senon un simple pronunzamento dos tan coñecidos e sonados que houbo na Hespania ao longo do século pasado. Tal pronunzamento orgaizado por elementos progresistas da península, i eisilados en Londres, París e Lisboa, en convivencia co infante Don Enrique de Borbón, que acababa de ser desterrado a Franza, non podía ser a revolución que conquerira a liberdade da nosa Terra. Pois aínda que triunfara, os mesmos vencedores serían os primeiros en impedir que Galiza se ceibara do poder central.

Pero na Xunta Suprema de Sant-Iago había un mozo baltancero, Antolín Faraldo, un dos nosos PRECURSORES, que levaba no espírito a lus que alumea aos "bós e xenerosos", e que sae das entranas da terra aínda cando a escuridade semella máis fonda. Este mozo, segredario da Xunta, foi o que escribiu o manifesto que dou un matiz nazonalista á revolución cuarteleira, nazonalismo que a maior parte dos comprometidos e o povo en xeral non sentían nin comprendían.

As ideas nazonalistas de Faraldo, sostidas por un núcleo seleito de xóvenes con inqueanzas espritoales, habían xa saído á rúa, e na Asamblea de Lugo do 43, o mesmo Faraldo había presentado unha moción para discutir si Galiza debería ser ou non independente, moción que foi rechazada, anque soio por un voto de maioría.

O povo entón non estaba preparado para un paso de tanta transcendencia. Temía que os "señores" galegos, que monopolizaban os cárgos directivos e trasmitíanos de pais a fillos ou amigos, tiveran un poder sin o control do goberno de Madrid e aumentaran dese xeito as inxusticias e abusos que cometían. Quería liberdades, sí, mais liberdades individuais, non liberdades para o país, domiado por unhas cantas familias de abo-lengo, que tiñan a Galiza como un feudo.

Era mester que o desengano levava aos ánimos a idea de que o centralismo significaba a morte da propia vida nazonal e que os gobernos endexamáis defenderían ao povo en contra dos caciques que o esprimían; era mester que houbera pasado case un século de loitas para que na conciencia do povo se plas-mara a verdade de que Galiza somentes poderá desenrolar toda a súa forza, toda a súa potencialidade artística, económica e social, cando conquira o dereito de gobernarse por sí mesma.

A punto estívenos de lograr o noso anxeio; pero os inimigos tradicionais impediron que tal feito se realizara, orixinando unha guerra desastrosa para toda a Hespania.

Oxe atopámonos nun intre en que os galegos, si aman verdadeiramente á súa Terra, non deben de aforrar ningún esforzo para liberala das cadeas que a oprimen. ¿Qué non hai posibilidade de facelo? ¿Qué non hai maneira de derrubar a tiranía, amparada pol-as armas dun Estado totalitario? Outras cousas máis difíciles hanse conquerido.

Non esquezamos a loita que os irlandeses sostiveron contra a poderosa Inglaterra, en procura da súa independencia. Relembremos os aitos heroicos dos seus fillos, que encheron de asombro ao mundo, como o célebre do alcalde de Cork, que se deixou morrer de fame en sinal de protesta pol-a dominación inglesa. A todos nos parecía un sacrificio inútil desafiar ao imperio máis forte da terra con aitos cheos de idealismo e de valor, pero carentes de senso práctico. ¡"Loucura!", decíase. Pero o milagre xurdeu.

Agora ben; ese milagre foi posíbel, non sóio pol-o coraxe

Refleisions Encol do 14 D' Abril

A imprantación da República hespanola, proclamada solemnemente o 14 d'abril do ano 1931, como consecuencia dunha xeira de feitos de fonda significación política, que culminaron nas históricas eleccións municipais, que deron por terra coa apodrecida monarquía dos Borbons, ao porse de manifesto o fondo sentimento republicán, foi unha laborada d'espranza, unha fermosa ilusión pro povo

hespañol, que vía na República, a materialización das súas arelas de xustiza e liberdade; de pan e traballo pras crases traballadoras, decote eispoliadas polo gran capital e os terratenentes feudales; e pras nazonalidades oprimidas: Galiza, Cataluña i Euzkadi, o pleo desenrolo da súa personalidade histórica, ao través das autonomías nazonaes.

Unha nova e lumiosa Galiza,

aprol da liberdade e da xustiza; do desenrolo integral, das súas posibilidades económicas e culturais.

Escola galega, cultura enxebrememente galega; repoboación forestal con miras á creación dunha grande industria madeireira e do papel; camiños de ferro, portos, eisplotación racional do agro ao través de cooperativas; creacións d'industrias agropecuarias; eisplificación e milloramento da gando vacuno, etc., todo elo, levaría a Galiza a un desenrolo cultural i económico parello á ricaz e progresista Dinamarca ou Suiza, e a cortar pol-o san, dunha ves por todas, co tristeiro e magoante comercio humano da emigración.

Mais as nosas ilusións foron esfrangulladas bárbaramente. Pagamos a prezo de sangue, de sangue xeneroso de milleiros e milleiros de mártires, o delito de soñar. De soñar cunha Galiza moza e farturanta; culta e progresista, sin caciques nin emigración.

Desgraciadamente o eisaxerado outimismo dos prohombres da República lles non deixou ver que a treición s'agaba crudel e cobarde, no exercito, no clero, na nobreza feudal e preguizeira; nos señoritos parásitos e chulos, axudada e alentada pol-o feixismo italiano e alemán e a complicidade pasiva das democracias.

Emporiso que a loita que oxe libran os povos peninsulares na súa teima d'eispulsar o réxime de Falanxe que os esfamea e tiraniza, non é co fito de voltar á República do 31, que coidamos superada a prol das refleisions i esperanzas encol daquela xeira histórica, por enxerguer, que o inofensivo e tan regateado Estatuto autonómico, non enche as nosas aspiracións nazonaes.

Unha Federación de Nazóns Ibéricas, é o vieiro doado pra resolver todolos nosos problemas, única base d'entendemento coa Hespania de Castela e tamén o único camiño que levará a Iberia a paz o progreso e a grandeza.

Estado d'Alarma en Hespania

Reina unha tensa eispetativa en todo o territorio d'Hespania por mor da medida gubernamental, pondo en pé d'alerta á policía, co gallo dos rumores circoantes no senso de que é inminente o prúsimo estalido dunha folga xeral en varios centros industriais importantes. O movemento acadaría á Barcelona, Madrid e Bilbao, onde o mesmo que noutras cibdades, espállanse a oito panfletos d'alporizada protesta pol-o auto custe da vida.

Como consecuencia deste clima de revolta contra o réxime falanxista, que esfamea e mantén encadeados aos povos peninsulares, en Barcelona, Madrid e San Sebastián, como é de domiño público, houbo manifestacións populares de protesta contra o goberno de Falanxe, que foron espalladas a tiros pol-a policía. Queimáronse tranvías houbo berros a oito contra os opreixores totalitarios falanxistas, e vivas á República. Como consecuencia destes arriscados feitos populares, houbo mortos, feridos e centos de detidos.

Certamente, a delicada situación porque atrevesa hoxe a península é a consecuencia natural do desesperado estado de cousas imperante, dende o ano 36, co trunfo do totalitarismo falanxista sobor dos povos peninsulares.

Fame, miseria, estraperlo,

dos irlandeses de Irlanda, senon pol-a axuda sen tasa dos irlandeses de Norteamérica. Eles, cun patriotismo e un entusiasmo inesgotabeis déronlles aos seus irmáns todo o que percisaban para a acción: diñeiro. O tesouro para formentar e soste a revolta perpetua, sen conceder un repouso ao contrario, estivo sempre á disposición dos homes que se xogaban a vida en defensa da liberdade da súa patria. Gracias a elo Irlanda é oxe independente.

Si vanos esto de leición aos galegos para a nosa loita. Si queremos que un día Galiza sexa ceibe, non debemos de escatimar ningún sacrificio, por inútil que nos pareza, e nós, que somos os que estamos en mellores condicións de traballar pol-a nosa Terra, sen o perigo a que están espostos os que nela se atopan, non deixemos de contribuir con todo o que poidamos para conseguir o trunfo dos nosos ideaes. Deste modo, a verdadeira revolución galega, tarde ou cedo, será un feito.

Un povo que deixa perder a súa língoa é un povo vencido e condeado a desaparecer. Pol-o contrario, un povo vencido, namentras conserve a súa língoa pódese decir que tén na súa man a chave da súa prisión; poderá ser invadido, sometido ao xugo máis forte por parte do conqueridor, pero morrer... endexamáis.

FEDERICO MISTRAL.

RA 29/8

La Revolución Gallega del 1846

TRADUCCION

El 2 de este mes se cumplió un nuevo aniversario del alzamiento de Lugo en contra de la dictadura de Narváez. Al frente de las tropas sublevadas se puso el coronel Solís, que con tal motivo había llegado de La Coruña en la citada fecha. El 25 del mismo mes terminó esta malhadada revolución con la tragedia de Carral, en donde fueron bárbaramente fusilados Solís, el comandante Velasco y los diez capitanes hechos prisioneros en Santiago. El 4 de Mayo fué también fusilado en Betanzos el subteniente Samitier.

Todos pagaron con la vida el delito de haberse alzado en defensa de la libertad; pero en el año 1855 todos fueron declarados BENEMERITOS DE LA PATRIA por las Cortes españolas, concediendo el mismo honor a los jefes que en la acción de Cacheiras habían estado a las órdenes de Solís y a los miembros de las juntas revolucionarias. ¡Tarde llegó el galardón para los mártires de Carral y el de Betanzos! Un monumento inaugurado en 1904 por la Liga Gallega de La Coruña en la primera de las citadas villas, recordará eternamente a los que dieron su sangre por un sagrado ideal.

No vamos a relatar aquellos sucesos. Sólo haremos unos breves comentarios que nos sugiere el análisis de los acontecimientos.

La llamada REVOLUCION gallega no fué, en realidad, sino un simple pronunciamiento de los tan conocidos y famosos que hubo en España a lo largo del siglo pasado. Tal pronunciamiento organizado por elementos progresistas de la península, y exilados en Londres, París y Lisboa, en connivencia con el infante Don Enrique de Borbón, que acababa de ser desterrado a Francia, no podía ser la revolución que conquistase la libertad de nuestra Tierra. Pues aun que triunfara, los mismos vencedores serían los primeros en impedir que Galicia se emancipara del poder central.

Pero en la Junta Suprema de Santiago había un mozo de Betanzos, Antón Faraldo, uno de nuestros PRECURSORES, que llevaba en su espíritu la luz que ilumina a los "buenos y generosos", y que sale de las entrañas de la tierra cuando la oscuridad parece más completa. Este mozo, secretario de la Junta, fué el que escribió el manifiesto que dió un matiz nacionalista a la revolución cuartelera, nacionalismo que la mayor parte de los comprometidos y el pueblo en general no sentían ni comprendían.

Las ideas nacionalistas de Faraldo, sostenidas por un núcleo de jóvenes con inquietudes espirituales, habían salido ya a la calle, y en la Asamblea de Lugo del 43, el mismo Faraldo había presentado una moción para discutir si Galicia debía ser o no independiente, moción que fué rechazada, aunque sólo por un voto de mayoría.

El pueblo entonces, no estaba preparado para un paso de tanta trascendencia. Temía que los señores gallegos, que monopolizaban los cargos directivos y los transmitían de padres a hijos o amigos, tuvieran un poder sin el control del gobierno de Madrid y aumentarían de ese modo las injusticias y abusos que cometían. Quería libertades, sí, pero libertades individuales, no libertades para el país, dominado por unas cuantas familias de abolengo, que consideraban a Galicia como un feudo.

Era menester que el desengaño llevara a los ánimos la idea de que el centralismo significaba la muerte de la propia vida nacional y que los gobiernos jamás defenderían al pueblo contra los caciques que lo exprimían; era menester que hubiera pasado casi un siglo para que en la conciencia del pueblo se plasmará la verdad de que Galicia solamente podrá desenvolver toda su fuerza, toda su potencialidad artística, económica y social, cuando conquiste el derecho de gobernarse por sí misma.

A punto estuvimos de lograr nuestro anhelo; pero los enemigos tradicionales impidieron que tal hecho se realizara, originando una guerra desastrosa para toda España.

Hoy nos hallamos en un momento en que los gallegos, si aman verdaderamente a su Tierra, no deben de ahorrar ningún esfuerzo para liberarla de las cadenas que la oprimen. ¿Qué no hay posibilidad de hacerlo? ¿Qué no hay manera de derribar la tiranía, amparada por las armas de un Estado totalitario? Otras cosas más difíciles se han conquistado.

No nos olvidemos de la lucha que los irlandeses sostuvieron contra la poderosa Inglaterra, en pro de su independencia. Recordemos los actos heroicos de sus hijos, que llenaron de asombro al mundo, como el célebre del alcalde de Cork, que se dejó morir de hambre en señal de protesta por la dominación inglesa. A todos nos parecía un sacrificio inútil desafiar al imperio más fuerte de la tierra con actos llenos de idealismo y de valor, pero carentes de sentido práctico. "¡Locura!", se decía. Pero el milagro se produjo.

Ahora bien; ese milagro fué posible, no sólo por el coraje de los irlandeses de Irlanda, sino por la ayuda sin tasa de los irlandeses de Norteamérica. Ellos, con un patriotismo y un entusiasmo inagotables les dieron a sus hermanos todo lo que precisaban para la acción: dinero. El tesoro para fomentar y sostener la revuelta perpetua, sin conceder reposo al contrario, estuvo siempre a disposición de los hombres que se jugaban la vida en defensa de la libertad de su patria. Gracias a ello Irlanda es hoy independiente.

Sírvanos esto de lección a los gallegos para nuestra lucha. Si queremos que un día Galicia sea libre, no debemos escatimar

FALA MEIGA

por AVELINO DIAZ

No falar de Breogán que, mimosamente, emprega unha mociña galega froiña do noso chan. (No falar de Breogán).

No falar mais melodioso que n-este mundo se deu parolamos ela i-en ó falar do amor noso. (No falar mais melodioso).

N-esta fala deprendida dos beizos de miña nai, en cada parola vai a miña alma acendida. (N-esta fala tan garrida).

Con tan belido falar ten ledicia o corazón e medra mais a emoción e xermola o ben amar. (Con tan belido falar).

Até abofellas eu ereio que pra conversas d-amor non hai un falar mellor nin na terra nin no ceio. (Abofellas que tal ereio).

E o falar dos que sinten nas mentes i-ós corazóns as mais nobres ambicións e d-elas non s-arrepinten. (N-outro falan os que minten).



Os son da zanfona

O Porco en Capela

Por VERDUGUILLO

Según as noticias que veñen correndo, parés que en España ferve o contento.

Aquel paradiso que fora nun tempo, pol-o visto, agora, trocouse en inferno.

Folgas e protestas prodúcense a oito, sen temor a cárcere nin fusilamento.

A xente, coa fame, vai perdendo o medo, e prefere a morte a vivir morrendo.

O porco, asustado, non sal do coitelo; e dando berridos, pása o día enteiro.

Pol-as noites soñ con longos coitelos, os que descuartizan aos seus compañeiros.

E xa pendurado dun gancho de ferro, destripado, vése, i en canal aberto.

E como si diante tivera un espeitro,

Foi n-este mes d-abril de 1846 cando unha dictadura, das moitas que padeceu Hespaña, ordenou a matanza de Carral.

Alí cairon os patriotas, que cansados da opresión da dictadura de Narváez, deron o grito de liberdade, para Hespaña, e moi especialmente para a nosa patria galega.

Así caeu Solís e seus compañeiros, vencidos por as forzas da tiranía hespañola, moi superiores en número, e con unha ferocidade sin límite; por eso a traxedia de Carral, non se pode nomear fusilamento, senon ma-

Decote estou namorado do meu galego falar e ben me praxe escoitar se por outros é falado. (O meu idioma loubado).

N-hei d-esquencer meu idioma inda que Deus o pertenda, inda qu-un raio me fenda, inda qu-o demo me coma. (N-hei d-esquencer meu idioma).

tanza, sin o máis pequeno asomo de espírito de humanidade.

Se ben ese foi o procedemento usado por todas as dictaduras hespañolas, sempre puxeron máis refinamento e máis crueldade, cando se tratou de castigar algo en Galiza.

Porque Galiza, despois de sometida, é colonizada como unha factoría: con empregados forasteiros, tendeiros, mestres de escola e profesoras e militares; pensaban os da estepa castelán, que alí xa non querían folgos para a máis pequena protesta. Os Gobiernos centralistas, facían a vista gorda en calquera asunto un pouco arredista en Cataluña; non o vían con ningunha simpatía en Euzkañi, e queixábanse que os vascos pretendían máis liberdade da que xa tiñan.

Pero tratándose de Galiza, a máis pequena esixenza, o máis insignificante reclamo, facía, —e sigue facendo estalar a cólera dos que mandan en Madrid.

Porque a Galiza, decía en unha ocasión o xornal de esta capital "La Nación", que sempre foi unha cátedra de cultura, facendo resaltar os valores superiores da nosa patria: "Al Galicia se le conoce poco, y lo que es peor se le conoce mal; es decir, se la conoce al revés". Tiña moita razón "La Nación", que a Galiza se lle coñecía ao revés; pero ese descoñecemento, xustificábase con facilidade.

Excravizada a razón galega desde fai cerca de cinco séculos; a ignoranza e descoñecemento absoluto do povo hespañol das cousas da vida de Galiza; sin máis información que a lenda absurda verbal, e unha que outra referencia de algún prumista, como Góngora e outros varios, tan ignorantes das cousas e da cultura da nosa patria, como os poucos leutores que poderan ter, nunha masa de povo analfabeto, foise facendo carne na súa mentalidade pechada, a inferioridade que eles pensaban que sofria o povo galego; que era xustamente, a enfermidade, que os vascos padecían.

Por eso non hai que espantarse, que despois de vencidos os patriotas que mandaba Solís, fose morto este e os seus compañeiros co ensañamento que sempre foi norma das dictaduras hespañolas.

O Sarxento Narváez, non podía ser menos que calquera Torquemada, ou outro inquisidor en exercicio do Santo Oficio.

Eisí, pois, ao cabo de tanto vexamen, e tanto aldraxe e inxuria, Galiza non ten máis camiño, que defendere a súa liberdade da forma e maneira que se presente, ou morrer civilmente abafada pol-o pulpo centralista.

Pensamos, e temos esperanza, que un povo varil e rexo, que resisteu cerca de cinco séculos, e deu homes como Castelao e outros —os máis que trazaron a roita da redención da nosa patria, ha de ter vontade e forza d'abondo, para queimar o xugo que canga a Galiza, e vivir felices e progresando de maneira, que a nosa patria sexa unha das admiradas, pol-a súa cultura e a súa vitalidade.

mar ningún sacrificio, por inútil que nos parezca, y nosotros que somos los que estamos en mejores condiciones de trabajar por nuestra Tierra, sin el peligro a que están expuestos los que en ella se encuentran, no dejemos de contribuir con todo lo que podamos para conseguir el triunfo de nuestros ideales. De este modo, la verdadera revolución gallega, tarde o temprano, será un hecho.

Orgaízase un Grandeiro Homenaxe a Don Manuel Puente

Levaráse a efecto o 3 de Xuño

Na historia da coeividade galega de Bós Aires, se non rexista un caso da manitude que se dá no meritorio compatriota Don Manuel Puente. Moitos homes houbo — é hai-n-ela, que se destacaron por proveitosos servizos prestados á mesma co aporte da súa intelixencia, das súas actividades, de sacrificios feitos con afervoado patriotismo, de traballar arreo pol-o engrandecimento das súas entidades e co rexo loitar a prol dos intereses espirituais e da liberdade da patria Galiza. Sería longa a ringleira de nomes que teríamos de facer, nomes por todos ben coñecidos e que contan co respecto e a gratitude de todo bon galego. Si acaso, entre os que xa non son do mundo dos vivos, lembrariamos os nomes de Don Gumersindo Busto o xeneroso e abnegado faedor da Biblioteca América e Don Manuel Castro López o infatigabel esculador de glorias galegas e de multitude de brillantes páxinas de historia de Galiza. Isto, aténdonos somentes ao orde cultural.

En iste orde é, percisamente, no que Don Manuel Puente decidiu servir a Galiza de xeito sen precedentes, aportando abondosos medios económicos a prol da outa cultura galega.

Igoal a moitos na emigración. Dende mozo adicado — con rexa vontade, con sagacidade, sen limitacións nas horas nin nos sacrificios — a labours comerciais e industriais nas que chegou ás outuras do triunfo. N-isa hora, o egoísmo acostuma a embotar e perder a xeneralidade dos homes. Pois, n-ela foi cando Puente sintese atraído pol-a fogueira patriótica do glorioso Castelao e se achega a él. E Castelao espétalle na ialma a paixón pol-a patria Galiza e lle ilumina a roita a seguir.

O demáis foi doado. Puente sentiu entón a felicidade de sere un patriota galego e púxose a servirse a Galiza cos froitos outidos pol-o seu traballo e pol-a súa intelixenza. Dase a subvencionar íntegramente a moimental Historia de Galiza na que istá traballando un núere de doce dos máis escraescidos intelectos galegos, baixo a dirección do esgrevio polígrafo Otero Pedrayo, promove a edición manífica de estraordinaria obra póstuma de Castelao "As Cruces de Pedra na Galiza" e bota as bases do Patronato da Cultura Galega que comeza c-un millón de pesetas, Patronato que ha dare luminosos días de gloria á nosa Galiza. E tamén ca súa acción persoal, púxose Puente a traballar pol-a patria galega: dende a presidencia da Irmandade Galega que desempeñou tres períodos seguidos e dende a presidencia da Comisión da Faenda do Consello de Galiza.

O HOMENAXE

Acción e méretos tan eiseccións e tan exemprares, xeneralizaron na coeividade a idea de lle rendir a Don Manuel Puente un grandeiro homenaxe sobradamente merecido.

A ise efecto houbo diversas xuntanzas de membros carauterizados da nosa coeividade, nas cales se concretou a formación

d-unha Comisión de Homenaxe a Don Manuel Puente, baixo a presidencia do prestixioso ex-Segre-



D. MANOEL PUENTE

dario Xeneral da Federación de Sociedades Gallegas Don Antonio Alonso Pérez. A dita Comisión ficou composta así:

Presidente, D. Antonio Alonso Pérez; Vice-Presidente, D. Pedro Campos Couceiro; Segredario, Bieito Cupeiro; Pro-Segredario, Xosé B. Abreira; Segredario de Aitas, D. Antonio Suárez do Pazo; Tesoureiro, D. Manuel Martínez Lamela; Pro-Tesoureiro, D.

Cándido Rey. — Vocacs: Antonio A. Rodríguez, Rodolfo Frada, Alfredo Baltar, Valeriano Saco, Perfecto López, Xesus Gato, Antonio Núñez i Eduardo Alvarez (fillo).

A dita Comisión púxose a traballar con alcendido entusiasmo e acordou que o homenaxe consista n-un grandeiro banquete da coeividade que será servido no amplo Salón-Teatro da Federación de Sociedades Gallegas, rúa Chacabuco 955, o domingo 3 de Xuño próusino ás 12,30 horas. Tamén se acordou ofrecer ao señor Puente un artístico pergameo que foi encomendado ao destacado dibuxante e pintor Don Luis Seoane.

A notiza do homenaxe a Don Manuel Puente trascendeu axiña a tudol-os círculos da nosa coeividade e foi recibida con xeneral simpatía. Son moitas as adhesións de entidades e figuras representativas con que xa contan os orgaizadores.

A NOSA TERRA fólgame de dare tan greta notiza, e xunto ca súa máis afervoadada adhesión fai chegar súas felicitacións aos propiciadores de tan xusto homenaxe a tan meritorio compatriota.

Faleceu Don Mariano Gomez

Ex Presidente do Tribunal Supremo d'Hispania

No mencer do 25 de Marzal p. p., víutima dun ataque cardíaco, deixou d'existir nesta capital unha ilustre figura da Universidade e da Maxistratura hespañola, Don Mariano Gómez. Non era home d'aituación política. A cátedra primeiro e a maxistratura despóis habían polarizado o seu talento e a súa vocación. Mais nas horas graves e tráxicas pra cidadanía hespañola, él soupo, como tantos outros outos eispoentes das ciencias, das letras e das artes, definirse crara e valentemente pol-a causa sagra de povo: a liberdade encarnada na República, que era a suprema legalidade. A él tocoulle presidir a Súa do Supremo que debeu xugar aos autores da asonada militar do 1932 e catro anos despóis afrontou con seriedade, con valor i espírito ecuanime a terrível responsabilidade, de presidir o Tribunal Supremo perante a guerra civil ceibada e elimentada pol-o totalitarismo de dentro e d'afora.

Vencida á República, pol-a forza bruta, Don Mariano Gómez encetou a roita do eisilio pra integrar a Hespania Pelengrina. I eiquí chegou a estes queridos eidos arxentinos, que o acolleron con fraternal afeito e co máis outo respecto, acollida a que él correspondeu brindando os froitos do seu escraescido talento e da súa versación xurídica.

E nas ardentes areas do eisilio caeu co corazón esfrangullado por tanta door e tan crueldes sufrimentos. Como tantos outros, como Manoel Cordero,

como Osorio Gallardo, como del Río Ortega, como Alcalá Zamora, como o noso grande, Castelao pra só sinalar algúns dos caídos no chan arxentino.

O enterro de Don Mariano Gómez efeituouse no Cimiterio da Recoleta o luns 26 do corrente.

Constitueu unha grande manifestación de duelo. No peristilo, despediron os restos i eisaltaron as virtudes do ilustre home con emocioados discursos: o Dr. Carlos P. Carranza, en nome do "Centro Republicano Español" de Bós Aires; o profesor Francisco Vera, no nome do "Centro Republicano Español" de Montevideo; o Profesor Claudio Sánchez Albornoz, no nome dos intelectuales hespañoes no eisilio e da Agrupación de Intelectuales Demócratas Españoes; o doutor Estanislao Lluerna en nome dos amigos de Valencia, seu chan natal; o Profesor Gumersindo Sánchez Guisande en representación do doutor Manuel Blasco Garzón, delegado do Goberno da República Hespañola no eisilio; e findando, o señor Embaixador de México, Dr. Manuel Alvarez del Castillo, no nome daquela grande nazón, amiga da democracia hespañola i en nome do seu ilustre presidente Dr. Alemán.

O falecemento de Don Mariano Gómez, produxo fonda door no seo da nosa coeividade galega, con cuías arelas autonomistas, él habíase solidarizado en diversos aitos públicos e de cuio máisimo guieiro Castelao era afervoadado amigo e admirador.

"¿Quen me Merca Este Misterio?"

Do xornal "La Noche", de Compostela, sacamos este comentario co tído tan suxestivo, que por si só, sin necesidade de comentarios, dános a medida do réxime de fame e desesperación do "paradiso falanxista", que ten que sufrir o noso povo.

FAGA NUMEROS, A VER, SI VIVE...

Tanto e tanto se leva escrito da vida aítual, que xa nos parés natural, que día a día se lea na prensa algunha crítica.

Non nos empurra, ao escribir encol deste tema, tan manido, a crítica. Non; non é ésta precisamente a nosa teima, sinon a de que por quenes na súa man está, pór remedio á aítual situación, fixándose, co intrés que compre aos seus cárregos, de verdadeiros defensores do país, no detalle que copiamos a continuación e que sometemos ao veredicto oficial, xa que os prezos que no mesmo día se sinalan son os que diariamente poden seren comprobados. Agora ben: a comprobación ha ser lixeira, xa que todol-os días estes prezos, lonxe de reducirense, aumentan:

FAMILIA DE 3 PERSONAS

MENU DIARIO MINIMO, IMPRESCINDIBEL para VIVIR

Desaúno:	
Leite, 1/2 litro, a 3.50 litro	Ptas. 1.75
Azucro, 40 gramos a 9 Ptas. kilo	" 0.36
(Sin pan nin outro alimento).	
Xantar:	
Pan, 3 bolos, a 0.50	" 1.50
1 kilo de patacas, a 3.75	" 3.75
1/2 kilo de peixe económico	" 5.—
1/8 litro d'aceite, a 12.20 Ptas.	" 1.50
Postre	" 2.—
Pimentón, allos, cebolas, etc.	" 2.—
Cea:	
1 kilo patacas	" 3.75
1/2 kilo de peixe	" 5.—
1/8 d'aceite	" 1.50
(Sin postre e sin pan).	
Gastos do día:	
Aluguer, a 300 Ptas. mensuaes	" 10.—
Carbón, 2 kilos	" 1.—
Auga, a 9 Ptas. mensuaes	" 0.30
Lús, a 15 Ptas. mensuaes	" 0.50
Xabón	" 1.20
SUMA	Ptas. 41.11

Si multiplicamos as 41.11 Ptas. diarias por 30 días que ten o mes, o soldo que ha gañar o cabeza de familia sería de PESETAS, 1.233.30.

Estas cantidades fican suxeitas aos prezos de racionamento, mais segundo é fáctile o comprobar, O ACEITE SO ACADA PARA DOUS DIAS dos 30 do mes. O resto até cubrir 24 días, hai que mercalo non precisamente ao prezo que se sinala. O mesmo ocorre co azucro e o pan.

Pro continuemos lsoado. Tamén é mester pra axudarse a vivir, algo do que tidoamos "sin":

SIN CAFE — SIN VIÑO — SIN CARNE — SIN TRANVIA — SIN VESTIR — SIN CALZADO — SIN PELUQUEIRO — SIN "CHIQUITA" — SIN CINE — SIN TABACO, etc. etc.

De onde se dedús fáctilmente que si o menú preparado é samente pra 3 persoas, folga falar de familias de maior número, das que tanto abundan.

E agora preguntamos:

¿Cántas persoas teñen soldos que cheguen pra "SOMENTES COMER"?

E... ¿Cómo viven os que non ganan pra elo?...

Nós maxinámolo, e francamente danos frío... moito frío, na alma...



Pedimos que a nosa Terra sexa nosa. Porque somos fillos d-ela. Porque ninguén máis pode gobernala. Porque ninguén máis pode comprir a súa misión hestórica. Porque levamos o seu nome pol-o mundo adiante. Porque queremos comprir a pos-trimeira manda dos nosos irmáns: os que deron a vida pol-a liberdade.

A nosa Terra é nosa. Xa se ten dito moitas veces. Mais agora decímolo nós, os desterrados. Os desterrados que vivimos en liberdade. Decímolo en nome de moitos miles de galegos que andan pol-o mundo. Decímolo, tamén, en nome de moitos miles de desterrados na propia Terra, dos que agardan por nós, dos que viven como fillos da morte, contando o tempo por noites.

Adhesión de M. Brañas

Amigos e irmáns do "Centro Provincial Coruñés" en Bos Aires:

A figura ilustre e benamada de Alfredo Brañas, cuia vida foi esgazada pola morte en prena madureza, no apoxeo da súa subríme fecundidade intelectual e política. Non foi aínda estudada coa amplitude que esta gran figura do rexurdimento galego se merece.

Podemos ter por seguro de que si o eisimio biografiador dos "Precursores", o gran patriarca das letras galegas don Manoel Murguía, houbera retrasado quince anos a redacción da súa maravillosa antoloxía de inmortalos do oitocentismo galego —aqueles homes cuia importancia era medida "polo feito en favor e pola gloria da pequena patria"— houbera tido a grande honra pechar a adicando as derradeiras e as máis brillantes páxinas a aquel mozo barbado, espírito lírico e apaixonado, corazón impulsivo e bondadoso e mente privilexiada, que xa n-aquel banquete, célebre e histórico, presidido polo mestre Murguía —o banquete de Cernadas— descubriuse como o gran tribuno das reivindicacións da Terra, enfiadas pol-os novos vieiros do nacionalismo galego, erguendo coa súa "enxebre vós, ardente e namorada" —como dixo Cabanillas— treboadas de entusiasmo que concertaban moi ben co xigante ecoar das espesas carballeiras milenarias, onde tiña lugar o acto.

Ainda hoxe está por coñecer e desentrañar fondamente a abandonada fontenla de doutrinas contidas no seu Discurso de Apertura de Curso Académico 1892-1893, na Universidade Compostelán: "La Crisis Económica de la Epoca Presente y la Descentralización Regional", onde cada párrafo, documentado e profético, ten aínda n-estes días, dempóis de 58 anos valor de perenidade e frescor de actualidá. Vexamos algún anaco collido ao chou.

"A descentralización non é un xogo artificial dos poderes constituídos: non abonda conceder ao Municipio e á Provincia, consideradas como simples divisións administrativas, aquela autonomía necesaria para descargar ao poder central de coitados e responsabilidades baixo das que sucumbe, sinón que é indispensable facer moito máis ampria esa descentralización recoñecendo como orgaismos vivos, subordinados pero ceibes dentro do Estado, a as agrupacións de municipios ou comúns que chamamos rexións ou provincias naturais".

"Dende o momento en que o cesarismo ou a diplomacia amalgaman, mesturan, nacionalidades diferentes, o instinto dos povos rebelase en contra das divisións artificiais das leises orgánicas e administrativas. No norte endexa máis foi verdadeira a unión política de Irlanda, Escocia e o país de Gales á Inglaterra; a nacionalidade impónse..."

Ainda hoxe, o seu estudo sociolóxico, histórico e literario: "El Regionalismo", que xa fora editado TRES anos denantes d-aquel Discurso, esa maravillosa obra que foi para todas as nacionalidades da Europa como o fachuco xigante que escorrentou as tebras das tiranías alumeando cos seus lampos aos povos oprimidos pol-os imperialismos, é máis coñecido na Galiza polo seu rubro que polo seu contido. Agardamos do entuseasmo e sagreficios da Galiza emigrada o miragre da redición d-este libro, n-un día non lonxano.

Ainda hoxe a maor parte dos irmáns da Catalunya, e casi todos os galegos, descoñecen a influencia que tivo Brañas na eclosión do movemento catalanista, debida á incorporación de Francisco Cambó e as súas forzas conservadoras e capitalistas ao movemento Rexionalista catalán, que habería de ter unha decisiva forza de acción na "Lliga", acadi-

llada por aquel gran político catalán; porque Alfredo Brañas —dito e comentado moitas veces con un patriota galego polo mesmo Cambó— foi o que o "convirteu", o que "o levou decididamente a erguer bandeira do Regionalismo" (son as súas propias verbas), dempóis de escoitar un discurso de Alfredo Brañas en Barcelona e de discutir con él estes probremas.

E aínda hoxe, en fin, seguimos ignorando a Brañas, porque aínda non xurdiu o seu biógrafo, nin foi bastante espallada a súa apretada labourea e inmensa obra, desproporcionada, como en ningún outro, coa brevedade da súa vida.

No cincuentenario do seu pasamento, ben está que os galegos emigrados, levados do seu patriotismo saudoso, traten de encher ou superar, na medida do posible, o esquecemento en que na Terra —salvada a esceición do Circulo Mercantil de Santiago de Compostela, que conmemorou o Cincuentenario da súa morte— por unha frialdade circunstancial, máis aparente que sentida, ténse a tan esgrevio fillo da Galiza, que coa fecunda brevedade da súa vida foi capaz de encher, n-aquel tempo, os días da súa Patria e aínda votar os cimentos nos que se habería de afincar o futuro da nosa Historia.

Podemos decir do noso gran patriota Alfredo Brañas, o que él

dixo, con menos motivo —sempre con máis xenerosidade para os demais que caridade para si mesmo— de outro galego ilustre:

"Vive o espírito do morto nas súas obras, i elas serán pra os que de verdade o amábamos, como as especies ou formas acidentadas que gardan a esencia do seu privilexiado entendimento e a sustancia do seu corazón doce-simo", e do seu afervoado patriotismo e perennal amor á Terra —engadiríamos nós.

Felicitemos ao "Centro Provincial Coruñés" polo cumprimento das súas Bodas de Prata e por esta gasalleira iniciativa de conmemoral-as honrando a tan esgrevio fillo da Galiza, ao que nos sumamos afervoadamente, facendo votos porque este exemplo, xa iniciado polo patriótico "Centro Pontevedrés" se espalle entre as demais coleditidades de emigrantes galegos a fin de que, todas xuntas e fortemente xunguidas cheguen a erguer no corazón de todos os galegos un culto á Patria, tal e como Alfredo Brañas a quería e sentía, para que todos a unha podamos berrar con verdadeiros anxeos de facer:

"Como en Irlanda; como en [Irlanda, ¡Erguete e anda!"

MANUEL BEIRAS "Eubensei" Santiago, a 28 de marzo de 1951.

No Homenaxe a Brañas

O nome de Alfredo Brañas evoca en min unha época. Unha época de benestar, de felicidade; unha época tamén de ilusións e d-espranzas. Era eu aínda un rapaciño e as doutrinas rexionalistas encomezaban a s'adentrar na miña alma de neno. As teorías de Alfredo Brañas respondían un eco apaixonado na casa do meu pai onde adoitaban azuntarse os primeiros valores e os máis rexos defensores da cultura e da personalidade da Patria Galega: Murguía, Pondal, Salvador Golpe, Florencio Vaamonde, Tettamancy, Martelo, Salinas... No 1897 creouse a "Liga Galega", primeira entidade política rexionalista, que redautou en galego os seus Estatutos, e da que foi órgano a "Revista Galega", que na nosa imprenta se tiraba.

Alfredo Brañas, como sementador d'aquelas ideas tan doces e tan grandes, que tendían a vivificar i engrandecer a Terra nosa despertando a consciencia do pobo adormentado e aguilloando aos seus dirixentes para un traballo máis dino e máis froitífero, merez a estima, merez o agradecemento e mail-a veneración de todos os galegos.

Se as doutrinas de Alfredo Brañas callaran no espírito colectivo,

se todos os grupos rexionais que compoñen a España, acollendo con agrimo aquelas teorías, aquelas ensinanzas, puxeran da súa parte o tesón preciso para as encauzar e as realizare, outro sería hoxe o benestar da Hespaña.

Ollá aquelas rexións onde o espírito, afinando na raíz d'unha fala propia creou unha cultura, creou unha personalidade, estimulou a vontade polo engrandecemento. Vel'ahí tedes Catalunya; vel'ahí tedes Euzkadi, o máis industrial, progresivo, rico e culto da Hespaña. Vel'ahí tedes tamén Castela, que se non conformou con usar a súa fala senón que a impuxo a moitos pobos do mundo...

Galiza demostrou sempre canto é a súa riqueza e a súa vitalidade. Deu en todos tempos aos demais todo o canto tiña ás mans cheas. ¿Cándo pensará no seu propio benestar?

Galiza ten xa unha literatura de gloriosa aboenza, e encomenza a se formare un serio espírito colectivo organizador da súa cultura e fomentador da riqueza; orador d'unha potente personalidade que desperte á vida un pobo adormentado por alleos prexuízos e comenencias estranhas. Moitas bodaladas hai que dar aínda, pois que son poucos que comprenden a nosa razón de ser e de proceder, e temos que matinar moito, teimosamente e sen acugo, hastra lograr que a xente toda da Galiza aprenda a se portar, esgreviamente, con dimidade de persoa, sen abaxarse ante os demais coma paria.

Perdoádeme que pareza que me arrede da lembranza e louvor de Alfredo Brañas; mais eu coído que o millor homenaxe que se lle pode render é o de seguir o camiño que él amostrou. Se o seu espírito poidera escoitarnos, coído que as miñas verbas habíanlle ser apracíbeles.

A Cruña, febreiro 1951. LEANDRO CARRE.



UN FESTIVAL XITANO... A Comisión de Festas dunha das meirandes sociedades galegas de Bós Aires anuncia pro 14 d'abril —data da proclamación da República— a realización d-un gran festival típicamente "cañí", onde ademais de pasarse dúas películas d'auténtico sabor "flamenco", desenrolaráse a parte artística, na cal, aitarán destacados elementos "xitanos da danza e o "cante jondo", quenés deleitarán doadamente aos nosos paisanos con "meneos", "jipios", "ronquios", "seguidillas", "peteneras" e olés á terra de María Santísima...

Nós, que xa de nada nos encollemos tratándose destas cousas, confesamos a nosa admiración polo "callo" e a capacidade auténticamente "cañí e xitana" dos orgaizadores, mais si nelo non hai mala interpretación, permítasenos suxerirles un consello: por qué en ves d'adicarse á orgaizar festivaes flamencas non fan un intento con "chotis", "lagarteranas", "xotas aragonesas", etc., poñamos por caso? Porque meus amiguínos, todo ben orgaizador de festivaes artísticos, como de tantas outras cousas, endexa máis debe esquecer o importantísimo detalle da orixinalidade, e sendo así, no caso que nos ocupa, parecería que os señores da Comisión de Festas da devandita sociedade estivesen empeñados en competir coa "Casa de Galicia" en cuestións "flamencas", e isto, francamente falando, señores, coidamos que é todo un desacerto, tendo en conta, que os da "Santa Casa" é tal a práctica que teñen no arte do "ronquío", do "jipío" e do "meneo con salero" que xa eles de por sí, e con razón, se consideran auténticos "xitanos"...

Con que a probar co "chotis", e boa sorte, paisanos...

NO SEGUNDO CONGRESO nacional de traballadores hespaños realizado en Madrí, asisteu o xeneralísimo, e faloulles aos obreiros decíndolles o seguinte: "Que Hespaña non é unha nación íca, que nun meío ingrato e difícil han vivir hoxe 28 millóns d'hespaños, cando que a principios de século habitábana só 18 millóns"... ¡Vaia por Deus!... Agora nos eispricamos doadamente o por qué o ministro Artajo oferescía tan insistentemente hespaños a eito, como quen oferés gando en pé...

Hai que alixerar a Hespaña d'habitantes, sí señor. Polo menos, según os cálculos do xeneral, están demais na península, 10 millóns de bocas famentas que o réxime non pode alimentar. Porque Hespaña é probe, moi probe, tanto, que xa non é posíbel salvara apesares dos inxentes esforzos do "grorioso movemento" e somentes porían iren tirando un pouquiño máis, si as "despreciabeis democracias" lle adiantaran en calidade de préstamo —sin volta— a esmola duns centos de millóns de dólares...

DE CARTAGENA, (Colombia) anuncian que catorce cadetes do buque escola hespañol Sebastián Elcano, desertaron fai uns días e que apesares das búsquedas ordeadas polo capitán da nave, non hai xeito de dar con eles.

¿Qué arroutada les deu aos gallardos cadetes pra asin faceren abandono da nave que aná a colear pol-os mares do mundo, pregoando as escelenzas do "paraíso falanxista"?

O asunto non é novo, pois xa non é a primeira ves que tal acontés cos gallardos cadetes da devandita nave, i elo eispricase doadamente: ao contaito con estas terras de liberdade e fartura; sin racioamento nin estraperlo, diante dunha mesa ben servida e bebida —cousas estas mitolóxicas nos eidos de Falanxe— os coitados, ¡qué carafío!, esquecéronse da navegación, do "grorioso movemento", do Imperio da Hispanidade, do caudillismo e... a vivir, chachos, namentras haxa apetito e folgos, e que navegue outro...

COMENTANDO as andanzas dun outrora famoso guerrilleiro republicán hespañol, dis editorialmente "Nuevo Correo", órgano de Falanxe n'Arxentina:

"Es que existe alguna causa justa que permita a un individuo convertirse en un asesino y le autorice a matar alevosamente en masa?"

E o colmo do descaro e do cinismo, que un falanxista faga semellante pregunta. Os patios das cadeas e todos os camiños de Galiza, Catalunya, Euzkadi i Hespaña beberon o sangue xeneroso de milleiros e milleiros de mártires da liberdade.

O lobo perguntoulle ao afo...

LEA E DIFUNDA
A NOSA TERRA
PERIODICO AUTENTICO
GALEGO. QUE DEFENDE
A AUTONOMIA DE GALIZIA
LIZA
A Cruña, febreiro 1951.
LEANDRO CARRE.

CELTA
UNHA CASA INTEIRAMENTE GALEGA
XASTRERIA DE MEDIDA
CONFEICIONS — CAMISAS — XAPEUS
CRABATAS, etc.
Fco. LACROZE 4086

PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

1. Galiza, unidade cultural.
2. Galiza, povo autónomo.
3. Galiza, comunidade cooperativa.
4. Galiza, célula de universalidade.

A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,
forzá, forzáde grillos
Pode oprimir o ferro
Un corpo enfraquecido;
Mais as nobres ideías
E gloriosos instintos...
Eses... non pode non o duro
Nin a morte extinguillos.
ferro,
EDOARDO PONDAL

Ano XXXIII — Núm. 477

BOS AIRES, ABRIL DE 1951

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Encol da Historia de Galiza

A nosa Historia é ben complexa por certo. A pouco que se poida afondar en calqueira dos seus aspectos, haberíamos de atopar covas escuras en que a luz da verdade se agacha en recunchos de noite pecha.

Sempre fallou intrínsecos nos historiadores da península en tratar o noso pasado, como si as grandezas que poidera ter a nosa Terra foran en desdouro das que poideran ter as demais terras. Outras vegadas, aínda contando con boa vontade pra nós, non soupo o historiador, preparado e comprometado nun sonso hespañol, chegar á esencia do sentido e dirección do pobo galego no transcurso do tempo.

Hai monografías encol de temas diversos. Hai manuais que supoñen por parte dos seus autores un tremendo esforzo e un estudo sin acougo, que indubidabelmente teñen grande mérito, mais que sómentes poden servir de curenación, porque oxe non soportarían unha crítica severa.

Fállanos a Historia de Galiza ampla e completa, que abrauga todas as idades e todos os aspectos de cada unha delas, que estude o noso pobo en sí, ben dentro de si, e nas súas relacións cos demais pobos do mundo. . . . O que se chama romanización de Galiza é pra todos os escolares de oxe un verdadeiro misterio, e sómentes se albisean nomes e feitos, coma cando caen as estrelas, que nin dan tempo a fixar de onde viñeron. Medulio, Cabreiro, rio Limia e uns poucos máis de nomes propios se atopa no coñecemento da nosa xente de cultura elemental.

De Prisciliano sábese o que de El dixo Menéndez Pelayo e outras monografías de galegos. Polo primeiro sacamos a conclusión

por

RAMON DE VALENZUELA

dun bispo arroutado que, polas súas herexías foi decapitado en Treveris; pol-os segundos temos unha estampa romántica dun idealista que padricaba nas carballeiras, ritmos druídicos traducidos a un cristianismo montesíolo de luar e orballo.

Pra Galiza dos reis godos hai que ver e cronición de Idacio e por él podemos saber que unhas feras loiras do norte arremeten como furacáns contra das vidas e cidades destruíndo sabencia, tradición e a mesma vida, coma se anunciaran a fin do mundo.

Tamen se sabe que houbo unha monarquía sueva, e danse conta dos reis que existiron sin máis coñecemento que o dos seus nomes. En algunhas historias poden verse, incluso, as aitas de concilios en que se demarean parroquias e aleprestagos; ás veces tamén de condados.

Do único rei que se pode estudar algo e de Teodomiro II, porque loitou contra dos arriáns, e, sobortodo, porque foi o derradeiro. Poremos estudar a monarquía sueva no seu fenecemento. Apareceráns ali un Andeca ou Xan Deza que, polo visto foi un usurpador, a quen o rei de Toledo tiña perfecto dereito a treceioar.

Andando o tempo, sabe todo galego, sexa ou non escolar, que un ministro dun rei mouro chamado Almanzor, nunha corrida por Galiza fixo levar os sinos de Compostela á súa terra ao lombo de cristiáns, os que, séculos máis tarde habían de seren devoltos, a lombo de mouros por orde dos Reis Católicos.

De algunhas cousas da Idade Meia sábese algo con bastante

bibliografía: Dos bispos de Iria, dos de Lugo, dos de Mondoñedo, dos de Tuy, dos de Ourense, de obades e cregos, de cabildos e coengos. Xelmírez, Fonseca, mellor dito Fonseca, etc., etc.

Tamén da nobreza hai algún dato curioso cando entra pol-meio algunha relación con reis de Castela, mais ás veces dá a impresión de que o conde de Traba sómentes foi un, de que os Andrade foron dous, de que os Lemos foron tres... Non reza arredor da Historia de Galiza arriba dunha ducia de xente seglar. Se non fora pol-as lanzas que a cada un dín que acompañaban, daría a impresión de que a nosa Terra era habitada, sómentes, por dous milloiros de cregos e unha ducia de señores feudais... Non había pobo.

A revolta dos Irmandiños, que se adiantou tres séculos a calqueira movemento social europeo, parece nada por xeneración espontánea. De unha cousa tan popular e tan eistendida en todo o territorio da nosa razón, semella que nin tivera raíces nin quedara semente.

Do arte xa nin falemos. A lírica galega dos cancioeiros foi dada a coñecer polo achadego dos códices da Vaticana e Colocci-Bracontti pois o de Ajuda xa estaba sendo de todo portugués. Tamén esas ducias de poetas nacían por xeneración espontánea. Os nosos mestres do románico que ensinaron a traballar a pedra ao mundo enteiro. Terían tamén o mesmo orixe?

Fai falla unha Historia de Galiza, de toda Galiza e de todas as cousas de Galiza.

A propia Historia de Compostela está aínda sin facer. Está feita, si, a Historia da Igrexa Compostelán.

Arredor da Catedral había algo mais que Arcebispo e cregos, había, na mesma cidade, arriáns ben agremiados, tan ben como os mareantes de Pontevedra, como os da Cruña, como os de Ourense nos seus diversos oficios. Nas aldeas de toda a nosa Terra, existiu unha orgaización, en outro tempo, que deu base as atuais parroquias, con un sistema cooperativista que ven do tempo dos celtas.

O pobo galego foi creador de moitas máis cousas das que oxe están á vista e que andan en todas as artes, en todas as ciencias políticas e sociais. As veces foi pobo sumiso, pero tamén se soupo erguer. Soupo domearse ao señor, pero tamén lle soupo quemal-a casa cando éste abusou. Soupo rezar con fanatismo, mais tamen soupo tirar co bispo nun pozo cando foi demasiado ruín, e deter a un arcebispo no mesmo intre das súas máis sagras funcións.

Por todo isto agardamos con tanta ansia a Historia de Galiza que está facendo o Patronato da Cultura Galega. Ten de ser un dos puntaes máis firmes do galeguismo na nosa intelteualidade.

Esa Historia que nos dirá quen somos, de onde vimos e pra onde habemos de camiñar.

Unha Historia de Galiza, de todas as cousas de Galiza.

Novas Bases Para os Concursos Anuales do Centro Galego de Bós Aires

A Comisión Cultural do Centro Galego de Bós Aires está traballando dun xeito que merece os nosos plácemes. Cun senso galeguista que compre destacar e que, por outra parte, corresponde á realidade da hora, concédelle ao noso idioma o logar preferente que sempre debeu ter. Era un absurdo que a nosa meirande sociedade da Arxentina tivera o castelán como idioma oficial dos seus concursos literarios, deixando ao galego nun posto secundario e vergonzante. Agora vaise polo bó camiño, que honrará á nosa Terra e á entidade que tan acertadamente contribue a espallar a nosa cultura.

A partir do ano 1952 os premios a otorgárense serán os seguintes:

PREMIOS "CASTELAO"—

\$ 4.000. — A mellor obra inédita en verso, para libro de formato corrente ou maior, escrita en IDIOMA GALEGO. Tema libre.

\$ 4.000. — A mellor obra de teatro inédita, en prosa ou verso, en dous ou máis actos, escrita en IDIOMA GALEGO. Tema libre.

\$ 4.000. — A mellor obra inédita en prosa, novela, contos, biografía, viaxes, etc., para libro de formato corrente ou maior, escrita en IDIOMA GALEGO. Tema libre.

PREMIO "PADRE FEIXOO"—

\$ 4.000. — A mellor obra de ensaio inédita, libro de formato corrente ou maior, escrita en IDIOMA GALEGO. Tema libre.

PREMIO "VALLE INCLAN"—

\$ 4.000. — A mellor obra inédita, escrita en prosa ou verso, en IDIOMA CASTELAN, sobor de tema referente a Galiza. Libro de formato corrente ou maior.

PREMIOS MUSICAES—

\$ 4.000. — A mellor sinfonía, preludio, fantasía ou suite, orixinaes e inéditas, para orquesta, con súa instrumentación para non menos de trinta executantes, e sobor de motivos galegos.

\$ 5.000. — Ao mellor ballet, orixinal e inédito, sobor de motivos e costumes galegos.

\$ 1.000. — A mellor obra coral, orixinal e inédita, para catro ou máis voces, sobor de motivos e versos galegos.

\$ 5.000. — A mellor melodía, orixinal e inédita, para piano e canto, sobor de motivos e versos galegos.

B A S E S —

As de costume. Os traballos enviaranse ao Sr. Presidente do Centro Galego de Bós Aires, rúa Belgrano 2199, Bós Aires (República Arxentina), antes do 31 de Marzo de cada ano.

ARRANXA A GAITA, GAITEIRO...

("Din as hestorias alleas que son máis fortes os brazos dos escravos que as cadeas". MARTELO PAUMAN.)

Arranza a gaita, gaiteiro,
que o día da patria chegz
e, no frescor mañanceiro,
tés de aledar o ruciro
co son da gaita galega.

Xa vai cedendo a escurada,
que o sol que ven alumea,
i has de tocar a alborada,
ben leda e repinicada
en cada vila ou aldeia.

Que as ansias de libertá
latezan nos mouzos peitos,
e ningún a coutará
cando a rexa moce dá

queira gardar seus dereitos,

Contan hestorias alleas
que ningún pode coutar
os sentimentos e ideás:
¡non hai grillóns nin cadeas
que os podan aprisionar!

Comestas do vicio van
as que afervollan Galiza
e, de podres, caerán
cando as bata a forte man
armada pol-a xustiza...

Arranza a gaita, gaiteiro,
que o día anunciado chega
i has de soprar no punteiro
¡pra que bailen no ruciro
a baril danza galega!

GERVASIO PAZ LESTON

NO "CENTRO BETANZOS" LEMBRARASE AOS MARTIRES DE CARRAL

No casal do "Centro Betanzos", rúa México 1660, as Sociedades do Partido Xudicial de Betanzos, realizarán o próximo 28 d'abril, ás 21 horas, un grande aito patriótico galego en homaxe e lembranza afervoadada, ao cumprírense 105 anos do saquefizo dos Mártires da Revolución Galega, fusilados en Carral, por loitaren afiuzadamente polo dereito da Patria Galega á súa liberdade.

DESENROLO DO AITO

Himno Galego — Pol-a coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos".

Verbas limiares pol-o Presidente da Comisión orgaizadora, señor A. Suárez do Pazo.

Canzóns galegas pol-a coral do Centro Betanzos "Os Rumorosos".

Direitor: CARLOS LOPEZ GARCIA.
Recitado patriótico pol-a Srta. Josefina García.

"A REVOLUCION GALEGA DE 1846" — Conferencia a cárrego do prestixioso escritor Dr. Ramón Rey Baltar.

Clausura do aito pol-o segredario do Consello de Galiza, deputado galego señor Antón Alonso Ríos.

ENTRADA LIBRE